



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

INFORMA

www.cig-ensino.gal

Xaneiro 2018


O TSXG dálle a razón á CIG-Ensino e limita a discrecionalidade da Consellaría na oferta de vacantes dos Concursos Xerais de Traslados

A CIG-Ensino vén de gañar unha sentenza que debe supoñer un antes e un despois na discrecionalidade coa que a Consellaría viña actuando nestes últimos anos na oferta de vacantes do CXT. O TSXG confirma unha sentenza previa dun xulgado do contencioso que xa recoñecera que a administración educativa galega ía moito máis alá das bases da convocatoria do Concurso á hora de poder facer cambios entre a adxudicación provisional e a definitiva.

A Consellaría retirara da adxudicación definitiva do CXT do ano 2016 unha vacante do corpo de PES previamente adxudicada na resolución provisional. Os servizos xurídicos da CIG-Ensino, en representación da persoa a quen lle fora adxudicada, demandaron á Consellaría, ao entender que non existían motivos para eliminar esa praza, dado que no curso seguinte esa praza foi cuberta igualmente por un docente en expectativa e co mesmo horario que tería de cubrirse con destino definitivo.

A sentenza supón unha chamada de atención á Consellaría, que defendeu a retirada desa vacante

por un informe técnico da Inspección Educativa e alegou que non existían horas suficientes no departamento para manter esa praza. Así, o TSXG indica que ese informe da Inspección só se requiriu



unha vez que se reclamou e non antes e que non se sostén a inexistencia de horas. O que o TSXG confirma é que a Consellaría ten potestade para corrixir as vacantes provisionais, como cando se trata dun erro a súa publicación e adxudicación, mais que iso non supón que a Administración poida operar por libre e sen xustificar convenientemente os seus actos. A consecuencia da sentenza é a adxudicación definitiva da praza para a persoa demandante con efectos administrativos do concurso do ano 2016, evitando que esa praza se amortiza-

se no CXT e seguise cuberta por profesorado en expectativa.

Un CXT coas vacantes reais

A ninguén se lle escapa que o alto índice de provisionalidade que desde a CIG-Ensino vimos denunciando desde hai anos está provocado pola propia Consellaría, coa inestimábel colaboración da Inspección Educativa, como se puido apreciar na sentenza citada, e, todo hai que dicilo, dalgúns equipos directivos que axudan a manter bloqueadas moitas prazas nos seus centros. Non hai máis que ver a adxudicación de destinos provisionais destes últimos anos para apreciar que hai determinados centros educativos cunhas porcentaxes inusitadas de profesorado provisional. a acadar un destino definitivo e incrementa as vacantes anunciadas provisionalmente, previa negociación coas organización sindicais, unha vez que de novo constatamos que as reunións nas Xefaturas Territoriais, especialmente na Coruña e Pontevedra non serviron de case nada.